



**DONA MERCEDES GONZALEZ BUDIÑO, SECRETARIA INTERV.
DO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO (PONTEVEDRA).**

C E R T I F I C O

Que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria celebrada o vintenoventa de novembro do dous mil dezasete, adoptou, entre outros, o seguinte acordo.:

C)ADJUDICACIÓN OBRA : REPARACIÓN LAVADOIRO E FONTE EN GARGALLÓNS.

Visto que mediante Providencia de Alcaldía foi acreditada a necesidade deste Concello de contratar a obra de REPARACIÓN LAVADOIRO E FONTE EN GARGALLÓNS. cuxo prezo ascendería á cantidade de 5.953,10 €.

Visto que en sesión de Xunta de Goberno de data 13-11-2017 se aprobou o expediente de contratación, autorización do gasto, prazo de execución, e se nomeou o Director das obras.

Visto que mediante acordo da Xunta de Goberno de data 13-11-2017, se acordou invitar a participar a seguinte empresa, a saber.:

--ECOMIR ESTRUCTURAS E CONTRATAS S.L.

Visto que se presentou oferta pola empresa invitada en data 20-11-2017.

Visto o informe elaborado por Don Joaquin Lustres Carregal, Director das obras.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro,

a XUNTA DE GOBERNO, por unanimidade, acorda:

1º.- Adjudicar as obras relativas a REPARACIÓN LAVADOIRO E FONTE EN GARGALLÓNS, mediante o procedemento do contrato menor de obras, á empresa ECOMIR ESTRUCTURAS E CONTRATAS S.L. polo prezo de 5.953,10 €.

Consta resolución da Deputación Provincial de Pontevedra de subvención polo importe do 100% dos gastos da obra adjudicada, dentro do programa de Rehabilitación do Patrimonio Histórico Cultural.

A empresa terá en conta o apartado décimo primeiro das Bases publicadas no BOP en data 01-06-2017 (Bases de subvención para rehabilitación do Patrimonio Histórico Cultural), sobre todo en canto á publicidade da obra.

2º.-Aprobar o gasto correspondente á adjudicación da execución da obra con cargo á aplicación 450.61903 do vixente Orzamento.

3º.- Prazo de execución de UN MES.

4º.-Unha vez realizada a obra, incorpórese a certificación-factura e tramítese o pago se procede.

Recurso.: Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o Alcalde deste Concello, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o *Xulgado do Contencioso-Administrativo de PONTEVEDRA* no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optácese por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Asinará o duplicado para constancia.

Campo Lameiro a 30-11-2017.

Vº e Prace
O ALCALDE
Asdo, Julio Sayáns Bugallo



A SECRETARIA.